



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A AFUNDACIÓN PARA A ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN “SON DE GALIZA: NO CENTENARIO DOS COROS GALEGOS”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Presidenta do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Afundación o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 11 de xuño ata o 30 de novembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Permitir a itinerancia da exposición “Son de Galiza: No centenario dos coros galegos”, coa súa mostra nas sedes de Afundación nas diferentes cidades galegas. A exposición presenta un relato da música e cultura no S. XX a través das actividades desenvolvidas polas sociedades corais xurdidas en Galicia na década de 1910.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

As partes entenden oportuno colaborar na itinerancia da exposición, e permitir a montaxe da exposición nas sedes de Afundación nas cidades galegas. Nesta exposición, na que a través de paneis, vitrinas e audiovisuais, ofrécese unha panorámica sobre a historia e as actividades culturais realizadas polos catro coros históricos (Toxos e Froles de Ferrol, Cantigas da Terra da Coruña, De Ruada de Ourense e Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela) con motivo de cumprirse o centenario da súa creación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 11 de xuño de 2019.





CVE: [0127-A28](https://cve.org/CVE/0127-A28)
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>